

O proxecto de creto agrícola e a proposta de redención foral (1886). A resposta liberal de Montero Ríos e Díaz de Rábago á crise finisecular¹.

[[[ARTÍCULO ACEPTADO PARA SU PUBLICACIÓN EN REVISTA GALEGA DE ECONOMÍA]]]

Susana Martínez Rodríguez – Investigadora Postdoctoral Universidad Autónoma de Barcelona
Unidad de Historia Económica - Dpto de Economía e Historia Económica
Edificio B, Campus de la UAB
E-08193 Bellaterra
Tfno: +34935812193; Susana.Martinez@uab.cat

Resumo:

Este estudo plantexa as interaccións habidas entre pensamento económico e a toma de decisións políticas a traveso dun caso concreto. Analizámo-las propostas referidas á política agraria plantexadas polo Ministro de Fomento Eugenio Montero Ríos (1885-1886) e a influencia que nelas exerciu o economista Joaquín Díaz de Rábago. Ámbolos dous foron galegos destacados da segunda metade do XIX .

A investigación centrouse nas concomitancias entre as propostas lexislativas e as obras publicadas. Aínda que tamén pescudamos aspectos biográficos máis correspondencia persoal co gallo de evidencia-la amizade e a cooperación existentes entre eles.

Descriptorios: crédito agrícola, redención foral, Montero Ríos, Díaz de Rábago, España, segunda mitad del siglo XIX

Abstract:

This study remarks the interaction between economic thought and political decisions. In particular we study the case of Eugenio Montero Ríos and Joaquín Díaz de Rábago. Montero Ríos was a Spanish Minister of General Development and he

¹ A autora agradece a avaliación efectuada polos dous referees externos, así como os comentarios do Dr. Fausto Dopico. Este artigo desenvolveuse no marco do proxecto NISAL SEJ2007-60845, financiado polo Ministerio de Educación y Ciencia de España, e dirixido polo Dr. Josep Pujol Andreu.

promoted several proposes of agriculture policy that reflected the influence of the economist Díaz de Rábago. They both were outstanding persons from Galicia during the second half of 19th. Century.

Our paper aims to expose the coincidences among the proposal law and the economic contributions of Díaz de Rábago. Besides, we analyse some aspects of their biographies and their correspondence to prove that they had a relationship and a work-cooperation.

Key works: agrarian credit, redemption of tenant land system, Montero Ríos, Díaz de Rábago, Spain, second half of the 19th. Century.

1.- Introducción.

Eugenio Montero Ríos foi Ministro de Fomento durante o bienio 1885-6, e nese curto periodo de tempo tentou impulsar un conxunto de medidas referidas á política agraria que reflexaban os plantexamentos liberais máis avanzados do momento. O proxecto de lei de creto agrícola presentado no ano 1886 é considerado a iniciativa máis sólida de todo o século XIX en España (Noguer, 1912) (Martínez Soto, 1995, p. 319) (Durand, 1891, p. 573)^{2,3}. A proposición foi capaz de plasma-los plantexamentos que o réximen liberal cobizaba trasladar á agricultura española no último tercio do século. As innovacións técnicas, pero tamén a visión de fondo, onde se exhortaba a que a modernización da agricultura era a forma de conxuga-la crise finisecular, recibiron un significativo número de comentarios por parte dos estudosos. Outra das propostas plantexadas foi a redención foral, sen dúbida máis coñecida pola polémica mantida co Marqués de Camarasa, defensor dos dereitos señoriais.

Un interrogante máis ca pertinente sería inquerirse acerca dos asesoramentos e colaboracións que o político galego puido ter recibido á hora de elabora-las súas propostas, o que permite indagar nas relacións entre as decisións políticas e o entramado intelectual, particularmente o económico (Psalidopoulos; Mata, 2002, pp. 1-17). O asesoramento de especialistas a políticos non era ningunha novidade, pero durante a segunda metade do XIX, os principais representantes do pensamento económico español tiveron unha intensa relación ca toma de decisións políticas. A nómina de economistas liberais que desempeñaron cargos públicos é extensa, nomeadamente un dos casos máis representativo é o de Figuerola, pero dende logo non o único (S. Moret, G. Rodríguez, J. Sanromá, F. Giner de los Ríos, etc....) (Román, 2003). O exemplo de Montero Ríos e as recomendacións de Díaz de Rábago inciden no aspecto sinalado, pero cun matiz diferencial. Joaquín Díaz de Rábago - o principal economista galego da segunda metade do XIX⁴ - tivo unha implicación directa en

² Ilustrativo resulta o seguinte listado: *Información mandada practicar por R.D. 17.04.1850; Información mandada practicar por R.D. 17.01.1881; Información abierta 1884 por la Comisión de Reformas Sociales; Información mandada practicar por R.D. 07.07.1887; Información mandada practicar por R.D. 17.10.1889; Información mandada practicar por R.O. 04.07.1901.* Bru (1904, p. 217).

³ Máis de 50 propostas foron redactadas ate 1919. Carasa (2001, p. 101); Gámez (1998, pp. 65-77).

⁴ Economista e xurista de formación foi un personaxe clave na intelectualidade galega de finais do XIX. Desempeñou cargos de responsabilidade en Compostela, entre os que destaca a presidencia da Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago, presidente da primeira sucursal do Banco de España en Galicia, ou Delegado Rexio da Escola de Artes e Oficios. A súa aportación científica máis destacada remite ó creto agrícola e ó pensamento cooperativista, e terá repercusións en Europa (Martínez-Rodríguez, 2004). Outra faceta singular foi o seu interés polo valor económico da educación e a formación das mulleres (Martínez-Rodríguez, 2002, 2002b).

política foi nula, si acaso o aspecto máis sobranceiro foi a participación nas propostas de Montero Ríos, e unha defensa a título persoal da postura foral redencionista.

2.- Montero Ríos e Díaz de Rábago: amizade e colaboracións.

Con toda probabilidade Montero Ríos e Díaz de Rábago coincidiron nas aulas da Universidad Literaria de Santiago, a mediados dos anos cincuenta, cando cursaron os estudos de dereito. Hai incluso concomitancias na traxectoria: ámbolos dous foron alumnos do economista J. Sanromá⁵, e realizaron ensaios para ser lidos na Cátedra de Economía Política, práctica que o mestre catalán reservaba ós seus estudantes máis destacados. En 1860 Montero Ríos e Díaz de Rábago fundaron un centro lúdico recreativo denominado *Casino* (Pose Antelo, 1992, p. 245), o que denota un entendimento e afinidade entre eles.

Iñoramos se o contacto interrompiuse cando Montero Ríos marchou a Madrid para inicial-lo doctorado, e comezar unha carreira profesional e política farto complexa, pois estivo exiliado e perseguido. Díaz de Rábago pola contra estableceuse na cidade catedralicia, cunha conducta discreta en canto a exaltacións políticas, pero partícipe nas entidades propias dun home culto e caritativo: era membro da *Sociedade Económica*, e insigne socio das *Conferencias de San Vicente de Paúl*. O exercicio profesional da avogacía pola súa parte foi moi puntual, pois pronto casaría e a xestión dos bens de ambos, máis unha ampla descendencia ocuparían todo o tempo que o estudio lle deixaba disponible.

Segundo poidemos comprobar a traveso da correspondencia persoal de Joaquín Díaz de Rábago, a relación con Montero Ríos reiníciase no ano 1883. O asunto que lle levou a pedir auxilio ó antigo amigo de facultade e andanzas remite ó sistema político de favores do momento. A solicitude de Rábago xiraba arredor da concesión dun peirao para a localidade de A Pobra do Caramiñal (A Coruña), a súa segunda residencia. Na resposta⁶ Montero Ríos explicáballe, que, en efecto, podían solicitar unha “mellora”, mais non do porto, pois a lei era rotunda nese aspecto e só financiaba os de primeira e

⁵ Sanroma foi cátedro na Universidade Literaria de Santiago das materias de Dereito Político, Dereito Administrativo e Economía Política durante 1854 e 1858 (Sanromá, 1894, p. 307).

⁶ Cursada o 11 de decembro de 1883. Borrador dunha carta dirixida a Montero Ríos 11.12.1883. *Archivo Casa Grande de Aguiar* (A Pobra do Caramiñal, A Coruña).

refugio; o seu consello era que requerisen unha rampa próxima ó mesmo, ademáis ofrecíase para aviva-los trámites e dilixencia que fosen oportunas⁷.

Esta non foi a única vez que J. Díaz de Rábago actuou en representación da vila da Pobra. Consultamos outro borrador (incompleto e sin data) dunha carta dirixida ó Ministro de Facenda do Executivo⁸, onde se denunciaba a subida dos impostos que debía asumir-lo distrito, a todas luces esaxerada ante a escasa industria da zona. O tono da petición, moito máis elevado ó da misiva anteriormente comentada, non deixa lugar a dúbidas de que se trataba dunha reivindicación formal ante a autoridade. Ó tratarse dun texto incompleto iñoramos se estaría ou non firmado por Rábago, pero a hipótese máis factible sería que a representación municipal lle encargase ó economista a elaboración da instancia, para que, á súa vez, solicitase o consello de Montero Ríos.

Estas dúas testemuñas, que reflexan o modus operandi do amiguismo político da época, son só un dos aspectos manifestos na correspondencia conservada, pois trátase dunha relación con moitos máis matices que o mero clientelismo de sufraxio, como veremos de seguido.

No ano 1885 Montero Ríos entrou a formar parte do executivo de Sagasta. Iniciou así unha etapa de reformismo, e intentou poñer en marcha en menos de ano e medio – foi cesado en outubro de 1886 – un elevado número de propostas moi plurais, paradoxicamente nun ministerio considerado de tránsito para os políticos con aspiracións.

En Compostela, o “monterismo” era moi claro, pois o prócer favoreceu a cidade en numerosas ocasións. Co gallo de resalta-la amizade Montero Ríos – Díaz de Rábago sinalaremos aspectos que delatan tales favores. A primeira actuación da que temos constancia foi a elección dun director para a Sucursal do *Banco de España*.

A pretensión de dotar á cidade cun banco foi, trala liquidación do *Banco de Santiago* en 1870⁹, unha das aspiracións dos prohombres santiagueses. A *Económica* dirixira sen éxito ó gobernador do *Banco de España* numerosas instancias

⁷ Carta enviada a Eugenio Montero Ríos 23.11.1883. Carta recibida de Eugenio Montero Ríos 02.12.1883. Borrador dunha carta dirixida a Montero Ríos 11.12.1883. *Archivo Casa Grande de Aguiar* (A Pobra do Caramiñal, A Coruña).

⁸ A falta de datas impide saber de quén se trataba.

⁹ O *Banco de Santiago* (1863) foi un banco de emisión por accións que se xestou baixo a *Lei de Bancos* do 28 de xaneiro de 1856. A traxectoria foi curta, e o seu papel timbrado gozou dun escaso nivel de circulación. Os dous elementos que sentenciaron o seu final foron os problemas co xerente da entidade en 1866 (Andrés de Lera); e a desaparición do principal accionista, o *Sociedad del Crédito Vasco*, en xaneiro de 1869 (Pose Antelo, 1987, pp. 409-427).

recomendando a ubicación dunha filial na urbe. Finalmente cando Montero ocupou o sitial de Fomento os trámites axilizáronse. E despois de obte-lo compromiso da creación da sucursal só se precisaba busca-lo director axeitado.

A título individual varios personaxes realizarían xestións para acadar algunha prebenda. Díaz de Rábago foi un deles, xa que cando lle enviou ó Sr. Ministro un exemplar da súa última obra, *La industria de la pesca en Galicia. Estudio sociológico* (1885), interesouse pola vacante da dirección. Ca confianza dun amigo, Montero Ríos confesoulle que a cuestión estaba moi avanzada¹⁰, e que uns días antes recibira correo doutro compostelán encomendándose para o posto, Pedro Pais Lapidó; vistas as circunstancias, animaba a Rábago a que enviase ó Gobernador do *Banco de España* un currículo e os exemplares máis destacados da súa produción económica, para que así influirán ó seu favor¹¹ na lista de posibles administradores e conselleiros, onde o seu nome xa figuraba. Descoñecemos se pesaron máis os méritos ou as recomendacións, pois o certo é que Rábago estivo ó fronte da entidade dende a inauguración ate o seu finamento no 1898.

Outro xesto de evidente preferencia cara Compostela foi a creación da *Escuela de Artes y Oficios*. Montero Ríos sentou os alicerces da moderna organización do ensino profesional en España (Martínez, 2004b). E se a materialización da mesma aconteceu trala firma do R.D. do 5 de novembro de 1886¹², cando o Ministro de Fomento era C. Navarro, sen dúbida foi un proxecto xestado polo galego. A organización aprobaba que o centro de ensino de Madrid pasaría a sela Central, e crearíanse sete escolas técnicas oficiais nas cidades de Alcoi, Almería, Béxar, Xixón, Logroño, Vilanueva i la Geltrú e Santiago de Compostela¹³.

Algún factor tivo que inclinar a balanza a prol de Santiago, pois en 1885 había escolas de oficios nas cidades de Ferrol, A Coruña, e no seguinte ano abrían as portas os centros de Vigo máis Pontevedra (Sousa; Pereira, 1989, p. 17). Sí era certo que Compostela era a urbe representativa de Galicia, cun pasado artesanal a destacar, e sede

¹⁰ Carta recibida de Eugenio Montero Ríos 26.04.1885. Carta recibida de Eugenio Montero Ríos 12.05.1886. *Archivo Casa Grande de Aguiar* (A Pobra do Caramiñal, A Coruña).

¹¹ No arquivo do *Banco de España* hai un curriculum vitae manuscrito polo propio Díaz de Rábago. Copia conservada no *Archivo Casa Grande de Aguiar* (A Pobra do Caramiñal, A Coruña).

¹² Realmente, o Ministro de Fomento que firmou o Real Decreto foi C. Navarro, pero tratábase da culminación do proxecto do prócer galego.

¹³ As escolas técnicas recibiron unha ampla atención dende varios campos relacionados ca historia da educación e a historia das ciencias e das técnicas. O artigo de J.M. Cano Pavón (2003, pp. 367-398) presenta unha revisión completa da materia.

dunha universidade con grande tradición. Mais cómpre atender ós factores personalistas. Dende a *Económica* Díaz de Rábago enviou varios escritos ó Ministro de Fomento para que Santiago conseguise a escola oficial, e o padroado da mesma para a entidade¹⁴. Por outro lado, uns días antes de que o Real Decreto fose oficial, a *Sociedade Económica de Santiago* celebrou un pleno extraordinario baixo a presidencia, tamén irregular, do socio de mérito E. Montero Ríos; alí aprobouse o *Informe sobre el plan de enseñanza que debe establecerse en la escuela de Artes y Oficios de la Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago*¹⁵. O prócer galego xa non era Ministro de Fomento, senón Presidente do Consello de Instrucción Pública, pero a súa presenza na reunión debe de interpretarse como unha mostra de apoio á cidade. Cando o centro comezou a súa singladura Rábago foi nomeado “Director con carácter de Delegado Regio de la Escuela de Artes y Oficios de Santiago con la gratificación de doscientas cincuenta pesetas anuales”¹⁶.

3.- A proposta de Montero Ríos e o papel de Rábago na redención foral.

En xullo de 1886 Montero presentou nas Cortes os *Proyectos de ley de expropiación forzosa, redención de censos y foros y crédito agrícola*. A proposta e publicación do conxunto de exposicións estivo acompañada dunha ampla polémica. Sobresaíu a mantida co Marqués de Camarasa (1886), defensor dos dereitos señoriais, a teor da redención de censos e foros. Ninguna das propostas do político venceu a forte oposición dos conservadores, pero o seu estudo revela as inquedanzas dun home comprometido ca modernización do país.

O apoio de Rábago á redención foi coherente ca postura pola que xa se decantara en *El Crédito Agrícola* (1883); pero houbo unha evidente apoiatura á figura de Eugenio Montero Ríos. Daquela Rábago estaba ó frente da *Económica de Santiago* e redactou varias instancias dirixidas ó Congreso nas que solicitaba, en nome da

¹⁴ Como faremos a continuación, para referirnos á obra de Díaz de Rábago será a traveso das súas *Obras Completas* e de maneira abreviada indicando: [tomo, páxina]. Eiquí referenciamos un título: *Al Ministro de Fomento sobre la Escuela de Artes y Oficios*, e atópase no tomo octavo, das follas da 195 ate 201: [VIII, 195-201].

¹⁵ “Informe sobre el plan que debe establecerse en la escuela de Artes y Oficios en la Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago, *Revista de la Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago*, 55 a 58, 1886, pp. 503-507.

¹⁶ Así consta no documento acreditativo conservado no *Archivo Casa Grande de Aguiar* (A Pobra de Caramiñal, A Coruña).

Sociedade, a reconsideración da negativa ó proxecto de redención¹⁷. De feito, a traveso do borrador dunha das cartas de Rábago dirixidas a Montero Ríos (datada o 12 de outubro de 1887), temos constancia de que lle comentaba certas medidas dirixidas a acadar un maior apoio á postura redencionista, e así poder reactivar o proxecto que fora barrido polo Partido Conservador. Rábago tamén lle contaba as novidades producidas no seo da *Sociedade*. Pola súa elocuencia, dedúcese que na institución había un núcleo fortemente disidente da postura redencionista, pero que ó final acadárese o consenso arredor da mesma, e escribírase unha instancia consensuada ó Congreso solicitando que se volveran a considera-las proposicións do Ministro de Fomento¹⁸.

Polo contexto da misiva dedúcese que Montero suxeríralle con anterioridade a Rábago que organizase a traveso da *Económica* un chamamento a tódolos concellos de Galicia para que se adscribisen á redención. Díaz de Rábago avisaba dos riscos da medida, pois o éxito da mesma non parecía nada seguro, e incluso podía acontecer que, de levarse a cabo, o resultado fora contrario ó esperado. O que lle aconsellaba era aunar influencias para acadar que as deputacións galegas emitisen unha opinión favorable, exhibindo así unha imaxe de unanimidade¹⁹.

Outra mostra de apoio douse ca publicación da segunda edición da obra de E. Vicenti *La propiedad foral en Galicia: polémica relativa al proyecto de ley de redención de censos del ex-Ministro de Fomento Montero Ríos* (1888)²⁰, onde Rábago prologaba o libro a título persoal. En dita presentación, aínda cando deixara ben clara cal era a súa postura, Rábago non tivo reparos en sinalar que a proposta de Montero Ríos era continuista, pois non incorporaba grandes novidades respecto á propostas anteriores [VII, 247]. É máis, hai dous elementos cos que o prologuista amosaba a súa disconformidade. O primeiro aspecto co que discrepaba era a non inclusión do

¹⁷ *Al Congreso de los Diputados. Exposición sobre los proyectos de ley de redención de censos y crédito agrícola*, VIII, 179-188. Tamén publicado en : “Sobre los proyectos de ley de redención de censos y crédito agrícola. Al Congreso de los Diputados”, *Revista de la Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago*, 63, 1887, pp. 559-561 (asdo. 11 de marzo de 1887).

¹⁸ Rábago, en calidade de presidente da *Económica*, foi o responsable de redactar unha instancia con data 11.03.1887 [VIII, 179- 188].

¹⁹ Documentación conservada no *Archivo Casa Grande de Aguiar* (A Pobra do Caramiñal, A Coruña).

²⁰ En 1886 E. Vicenti publicou *La ley de redención de censos del Sr. Montero Ríos y la Propiedad Foral en Galicia: contestación al Sr. Marqués de Camarasa*. Dous anos despois viu a luz a segunda edición, aumentada, correxida, e prologada por J. Díaz de Rábago.

laudemio²¹ no montante da renda a capitalizar [VII, 251] [E. Montero Ríos, 1886, p. 97]. A razón pola que non fora contemplado era a orixe feudal que moitos autores, entre eles Montero Ríos²², lle atribuían [VII, 252] (Lezón y Fernández, 1922, p. 17)²³. Pola contra Rábago era favorable a incorporalo na renda foral, e coidaba que deste xeito se limarían asperezas cos defensores dos dereitos señoriais.

Dalgún modo a segunda obxección tamén iña destiñada a evitar enfrontamentos, pois era que os tipos de redención fixados resultaban baixos [VII, 262]. O propio Montero xa tomara certas precaucións ca lei de 1873, e contemplou a redención por forais enteiros xunto ca indemnización nunha única paga (Villares, 1982, p. 313). Mais os tipos continuaban sendo algo baixos: 5% para os foros, 5,5% para subforos en primeiro grao, e 6% para as restantes rendas e pensións (Montero Ríos, 1886, p. 95), todo elo capitalizado segundo os prezos medios do decenio anterior á data de redención. Montero Ríos xustificaba a parquedad dos tipos da súa proposta apelando á caída experimentada polas rendas, por mor da crise finisecular. Recólleo así Rábago:

“los tipos de redención que señala el Proyecto no son desconsiderados, y holgaríanse los propietarios con que pudiesen realizar actualmente sus rentas á esos valores, superiores á los corrientes en el mercado” [VII, 264].

Pero tamén era certo que a lei debería ser válida durante un prolongado lapso temporal, e, atendendo a esta precisión, Rábago atopaba convinte incrementa-los tipos en medio punto, para que non experimentasen pérdidas os señores cando as rentas se recuperasen [VII, 265].

Pese ó movemento de apoio xerado en Galicia, o Congreso non reconsiderou a súa negativa, e o proxecto volviu a ser presentado en varias ocasións, pero sen éxito. Xa no XX presentado por E. Vicenti, foi acompañado dunha exposición de motivos moi semellante á anterior, dado que seguía considerándose o sistema foral un obstáculo para o avance da agricultura, agora acrecentado pola inestabilidade social.

²¹ Cada transmisión do foro, cando estaba estipulada, reportaba ó señor do directo a percepción do laudemio (Rodríguez Galdo, 1976, pp. 194-195).

²² “No cree el Ministro que deba estimarse el derecho para tomarlo en cuenta en el precio de la redención” (Montero Ríos, 1886, p. 97).

²³ A publicación de M. Lezón y Fernández (1922, 17) é un dos numerosos exemplos que insisten no acertado da postura de Montero Ríos e de Vicenti sobre o rexeitamento do laudemio “que es una prestación feudal [...] que sólo por eso debiera estar condenado”.

4.- A proposta de Montero Ríos e o trasfondo das ideas Díaz de Rábago no proxecto de creto agrícola.

Nos estudos contemporáneos consultados que indagan arredor da proposta do creto agrícola de Montero Ríos non existe ningunha alusión a Díaz de Rábago (Martínez Soto, 1995, pp. 319-324) (Noguer, 1912, pp. 113 e ss.) (Bru, 1904, pp. 236-244]. Malia todo, en 1887 J. Pando y Valle (1887, pp. 86-87) sinalaba a influencia que o político recibira de Rábago²⁴. E o propio Montero no seu discurso de ingreso na *Real Academia de Ciencias Políticas y Morales*, titulado *El Crédito Agrícola* (1887), calificou a aportación de Joaquín Díaz de Rábago como o ensaio máis destacado da petición pública de información sobre creto agrícola de 1881 [*Información mandada practicar por R.D. 17.01.1881*] (Montero Ríos, 1887, p. 10), pero non foi máis aló no seu alago, e non fixo ningunha referencia ás fontes que inspiraran o seu proxecto.

A proposta de Montero Ríos despertou comentarios nalgúns autores estranxeiros. L. Durand – principal divulgador das cooperativas Raiffeisen en Francia e Presidente da *Union des Caisses Rurales et Ouvrières* (1893) – en *Le credit agricole en France et a l'étranger* (1891) adicou un capítulo ó creto agrícola en España. Durand calificaba a proposta de Montero Ríos como o proxecto español máis completo ate entón realizado²⁵. A tentativa lexislativa monterista presentaba profundas innovacións, pero as modificacións que suporía na orde lexislativa vixente facían zozobrar as súas posibilidades de éxito segundo o autor francés (Durand, 1891, p. 576). Durand, que era coñecedor da obra *El Crédito Agrícola* (1883) de Díaz de Rábago tampouco fixo ningún comentario sobre a influencia que poidera ter na proposta de lei de Montero Ríos.

Baixo a nosa perspectiva as influencias resultan evidentes; e o feito de que no arquivo persoal de Díaz de Rábago se conserve un manuscrito final da comentada proposta con correccións do propio Rábago acredita a nosa hipótese cunha validez difícil de refutar. Malia todo, resulta convinte explicitar que o propio *modus operanti* da redacción das propostas lexislativas soe contar sempre con asesores e expertos que quedan nun modesto segundo plano, especialmente cando non prosperan.

²⁴ “Cuando la Sociedad Económica de Santiago publicó en 1883 el erudito y notable informe que redactó el Sr. Joaquín Díaz de Rábago, tuvimos el placer de saborear y aplaudir obra tan interesante, que bien puede decirse ha venido a ser la verdadera clave para la reforma propuesta que pudo tener á la vista en Sr. Montero Ríos puesto que su proyecto parece por completo inspirado en el notabilísimo dictamen” (Pando y Valle, 1887, pp. 86-87).

²⁵ Resulta sinificativo o título que a autora lle puso á sección: “Proyectos y sólo proyectos de creación de bancos agrícolas de ámbito nacional” (Gámez, 1998, pp. 65-77).

4.1.- Os condicionantes ideolóxicos da proposta.

Un aspecto destacado desta proposta de lei era a premisa de que a reforma era unha medida precisa para facer fronte á crise finisecular. Con rotundidade no preámbulo sinalábase que a iniciativa era unha fórmula para atallar “*la amenazadora competencia*” (Montero Ríos, 1886, p. 146) sufrida pola agricultura europea; e se incluso as economías desenvolvidas estaban sendo vítimas das invasións dos produtos ultramarinos, era urxente tomar medidas:

“*¿Qué suerte deparará la Divina Providencia á la [agricultura] española, que tan atrás se va quedando? Urge mejorar ó variar los procedimientos y los métodos, transformar los cultivos que no sean remuneradores, utilizar más y emplear en mayor extensión sustancias fertilizantes, suplir las deficiencias de la agricultura propiamente dicha con el desenvolvimiento de las otras industrias rurales*” (Montero Ríos, 1886, p. 146).

Mirar cara Europa propiciara a mediados dos anos oitenta que un grupo de intelectuais españois intuiran que a crise finisecular era unha manifestación da progresiva mundialización, e polo tanto as consecuencias tamén afectarían ás economías periféricas, como a española. A percepción da crise agraria, cal parte dun fenómeno de maior calado foi certa e temperán en Rábago [I, 79], asiduo lector das principais publicacións económicas²⁶. Elo levouno a recoller na súa obra descripcións sobre as abundantes iniciativas acometidas no extranxeiro para conxurar-la carencia de capital honrado co que enxuga-lo atraso no medio rural. Na súa principal aportación, *El Crédito Agrícola*, adica máis dun tercio dos capítulos ó estudio das diferentes institucións de creto existentes en Europa, cas súas particularidades, aplicacións e inconvincentes.

A proposta lexislativa de Montero recolleu de forma sucinta as propostas máis sobresaíntes estudadas por Rábago²⁷; así aconteceu cas experiencias dos bancos de

²⁶ En particular aparecen nas súas obras referencias de *Revue des Deux Mondes*, *Journal d'Agriculture Pratique*, ou *Journal des Economistes*, aínda que nas revistas nacionais, v.gr., *La Gaceta Agrícola* do Ministerio de Fomento, tamén abundaban alusións ós autores foráneos Outra fonte de información foron as actas e noticias dos *Congresos de Agricultura*, que comenzaban a celebrarse por aquel entón [I, 79-80] e eran recollidas na mencionada *Gaceta* (Garrabou, 1985, p. 508).

²⁷ Dende logo só son un exemplo, xa que Rábago tamén estudou a compañía francesa de creto agrícola (cap. 26), os bancos de Jersey ou os rurales de Portugal (cap. 28), as iniciativas xurdidas en Bélxica a través das caixas de aforros e as modificacións habidas no seu marco legal (cap. 29), ademáis do tratamento máis breve da cooperación de creto en Rusia ou Suiza (cap. 32).

anticipos alemáns, que realizaban depósitos a longo prazo, destiñado á agricultura, a traveso de obrigacións con xuros, e “*amortizables por sorteo en un periodo de 10 a 20 años*” (Montero Ríos, 1886, p. 123). Outro exemplo estaba en Escocia, lugar onde había unha antiga tradición entre os agricultores no emprego das “cash credit account”, que viñan sendo contas correntes abertas polos bancos escoceses ó descuberto das que facían uso os agricultores. Unha terceira experiencia sinalada era a do banco da localidade italiana de Treviso, que puxera en marcha a orixinal idea de emitir bonos agrarios “*de vencimiento fijo, nominativos y fructíferos, con idénticas y no otras miras que favorecer el desarrollo de la agricultura*” (Montero Ríos, 1886, p. 123). Todas estas actividades xa foran estudadas con sumo detalle por Díaz de Rábago²⁸.

As devanditas actuacións posuían un denominador común, pois non tiñan un funcionamento excepcional dentro da orde mercantil atendendo ó carácter agrícola, senón todo o contrario. Nos exemplos recollidos primaba a lóxica mercantil. Tratábase de iniciativas de creto agrícola, posto que tal era o destiño do diñeiro solicitado, mais eran adaptacións de modelos exitosos en operacións ordinarias. As únicas salvedades atendían ás especificidades dos clientes, como sucedía ca necesidade de dilata-los periodos de reintegro, pois os agricultores non contaban con ingresos periódicos fixos.

Da proposta de Montero Ríos emana un espírito liberal evidenciado no concepto de propiedade privada plena da terra, unha suposición que non era certa en todo o territorio español. Primeiramente pola persistencia das formas de tenencia da terra características do Antigo Réxime, entre as que a máis evidente – e preta para o político – era o foro galego. En segundo lugar, o creto agrícola tiña como destiñatarios potenciais a agricultores pequenos e medianos posuidores de terra, unha imaxe inusual na España latifundista, na que a carencia de capital por parte do cultivador atopábase supeditada ó seu nulo papel decisorio sobre as tarefas de produción da terra, propiedade dos terratenentes. Estas hipóteses do que debería sela agricultura moderna, onde o agricultor era xestor e propietario dos bens inmobiliarios e mobiliarios empregados no proceso de produción, tamén era defendida por Díaz de Rábago – quen adicou todo un capítulo á equiparación do agricultor co comerciante [I, 205-233],

²⁸ Particularmente o caso alemán foi o que máis lle interesou adicándolle dous capítulos [III, 211-338] (cap. 30 e cap. 31). A problemática da banca agrícola italiana, e non só o caso particular de Treviso foi estudada a través da obra do italiano Vigano [III, 169-191]. E o caso escocés mereceu a súa atención en varias ocasións pola peculiaridade das contas abertas ós agricultores, que recibían un trato semellante ó dos demais clientes [III, 72-109] (cap. 27).

se ben era unha idea explícita en todo o seu discurso – e á súa vez identificaba a un amplo colectivo de intelectuais do momento.

Unha das causas do fracaso das reformas promovidas na España liberal foi precisamente o descoñecimento profundo da realidade rural, onde non existían as figuras tan manidas na literatura económica de empresario agricultor e emprendedor. A ñorancia, e ás veces desprecio, por parte dos contemporáneos do funcionamento dos mecanismos tradicionais de creto (o recurso do gando, a compra de inputs ó fiado, ou mesmamente a adquisición de fincas durante varias xeracións) tamén propiciaban que a súa visión do creto existente no agro fose aciago (Carmona; J. Simpson, 2003, p. 74)²⁹, se ben é certo que a usura era unha plaga.

4.2.- Innovacións técnicas da proposta de creto agrícola: as pegadas de Díaz de Rábago.

A notoriedade do proxecto de Montero Ríos radicaba nas novidades técnicas³⁰. Algúns dos artigos modificaban en grado sumo o contido do recién aprobado Códice de Comercio (1885), e da *Lei Hipotecaria* (1861)³¹.

O Códice Mercantil contiña unha sección adicada ás institucións bancarias de creto territorial e agrícola³² co gallo de enche-lo valerio legal existente (Montero Ríos, 1886, p. 120); pero os termos nos que estaban redactadas as cláusulas deu lugar a que ó seu aveiro xurdiran meros negocios que, ó sumo, caracterizaríanse por actuar de compañías de seguros de colleitas, froitos, ou apeiros de labranza, pasando estas garantías ás mans dos acreedores, co que se interrompía o traballo do agricultor (Martínez Soto, 1995, p. 318).

E. Montero Ríos sinalou dous aspectos obstaculizadores do código mercantil para o creto agrícola. Primeiro, que prohibía que estas institucións aceptasen depósitos;

²⁹ Sirva como mero apunte que Rábago adicou varios capítulos do seu estudio á análise da función da aparcería de gando no mercado tradicional de creto e as súas posibilidades de modernizar dita práctica proponendo unha normalización da mesma.

³⁰ Consta o proxecto de 47 artigos, acompañados dun amplo preámbulo. O articulado divídese en seis títulos: Título 1º.- *De los institutos de crédito agrícola y sus operaciones*; Título 2º.- *De las garantías*; Título 3º.- *Del registro del crédito agrícola*; Título 4º.- *De los privilegios sobre el mobiliario agrícola y del orden de su prelación*; Título 5º.- *De la ejecución de las obligaciones agrícolas*; Título 6º.- *De la protección especial de los institutos de crédito agrícola*.

³¹ De feito a disposición final do proxecto era: “(Art.- 47.-) Quedan derogadas todas las leyes, reales decretos, reglamentos y órdenes que se opongan á lo establecido en la presente ley” (Montero Ríos, 1886, p. 162).

³² No *Diario de las Sesiones de Cortes: Código de Comercio. Apéndice 36 al nº 3 del 28 de diciembre de 1885. Título I, libro II, sección duodécima.- De las reglas especiales de los bancos y sociedades agrícolas* (Art.- 212-217).

segundo, que carecían de capacidade para emitir obrigacións, limitacións xa especificadas por Rábago [III, 137-138]:

“Se impone, pues, como exigencia de la institución, que se le otorgue la facultad de emitir, con único y preciso y determinado fin agrícola, obligaciones á término y con intereses” (Montero Ríos, 1886, p. 123).

Outra das novidades foron as modificacións que provocaría na *Lei Hipotecaria*³³. Referíase así á eliminación da hipoteca dos bens inmobles por accesión ou destino, salvo pacto contrario; e a inclusión da figura de prenda agrícola (Noguer, 1912, p. 113). L. Durand incidiu nestes aspectos ós que calificou de grande adianto en materia crediticia agrícola; ademáis consideraba que traslada-lo debate a Francia sería convinte, posto que a súa lexislación presentaba obstáculos semellantes ós existentes en España.

A redefinición dos bens mobles e inmobles tal e como estaba recollido na Lei Hipotecaria foi un aspecto estudado por Díaz de Rábago, quen lle criticaba á lexislación española prescribir un concepto en demasía extenso de ben hipotecado, pois albergaba todo un conxunto de obxectos independentes do inmovible na hipoteca do mesmo; bens que, noutro suposto, o pequeno propietario podería deixar en garantía para outro tipo de operacións.

De maneira ampla e detallada o Art. 10 do proxecto sinalaba que a hipoteca non comprendía, excepto pacto expreso, as melloras consistentes en obras efectuadas sobre dito obxecto, nen as indemnizacións derivadas de asegura-los elementos sinalados no caso de sinistro. Na mesma liña, o Art. 13 facultaba as posibilidades de dar en garantía un conxunto de elementos con anterioridade excluídos da hipoteca por consideralos adheridos ó propio predio, e que constituían a riqueza común do labrador: maquinaria, gando, frutos pendentes de recolección, etc.... *“en general todos los [elementos] que las leyes consideren inmuebles por la accesión ó por el destino, siempre que fuese posible su separación sin deterioro del predio”* (Montero Ríos, 1886, p. 153). En particular Rábago adicáralle a esta cuestión todo un capítulo (o sete) nomeado de maneira esclarecedora: “Muebles declarados inmuebles por la ley. Extensión de la ley hipotecaria” [I, 163-174]. Señalar que as restrictivas condicións do creto hipotecario eran un obstáculo á fluidez do capital cara a agricultura era un tema recorrente; de

³³ Que era a lei de 1861 e en 1869 xa sufriu unha reforma considerable. Tales modificacións carecían de efecto cando N. Noguer escribiu o seu libro en 1912, dado que entón rexía a *Lei Hipotecaria* de 1909.

feito, antes da lei hipotecaria de 1861 xa eran usuais comentarios desta índole en economistas da talla de F. de Bona (1857, 1857b).

Moi relacionado co anterior era a consideración da prenda. Á diferenza da prenda convencional, que pasaba ás mans do acreedor, a prenda agrícola quedaba en poder do deudor. Díaz de Rábago presentábaa en 1883 tal que unha proposta orixinaria de Francia – onde por aquel entón tampouco pasara de desiderata³⁴ – para a difusión do creto agrícola, pois permitía que o deudor poidese constituir en prenda un ben, e seguir lucrándose del na actividade agrícola. De feito, os elementos xa sinalados do Art. 13, con esta cláusula non incurrirían na adscripción de ben hipotecario, senón que acadarían a consideración de independentes, e poderían ser obxecto de prenda agrícola, isto é, de garantía ou aval no crédito mobiliario, e así permanecer en mans do deudor para non obstruí-la súa actividade.

Díaz de Rábago xa detallara a figura da prenda agrícola ó longo de numerosas páxinas de *El Crédito Agrícola*³⁵, insistindo nas limitacións contidas na *Lei Hipotecaria* (1861) á hora de aplica-la definición de bens mobles e inmobles; e a necesidade de crear establecementos especiais de depósito para os obxectos constituídos en prenda.

O terceiro aspecto a destacar na proposta de Montero viña sendo a relación completa e xerarquizada de prelación do creto que determinaba a orde de cobro dos acreedores (Noguer, 1912, p. 114). O título terceiro do proxecto, *Del registro del Crédito Agrícola*, estaba adicado ó rexistro das actuacións de creto nos xulgados municipais (Bru, 1904, p. 240). A inscrición era potestativa, pero as obrigacións rexistradas terían preferencia sobre as non inscritas á hora de facelas efectivas.

Díaz de Rábago estudiara con atención este aspecto, xa que era particularmente contrario a outorgar un privilexio desmesurado ó señor do directo para que resarcira as rendas pasadas e futuras derivadas da anulación do contrato, como acontecía na Francia. Esta cláusula desincentivaba o creto agrícola, porque perxudicaba a posición doutros acreedores, e tanto Montero Ríos como Rábago recomendaban limita-lo privilexio do dono do directo ás dúas últimas anualidades máis a corrente.

³⁴ En Francia, chegar ó Congreso dos Diputados no ano 1881 unha proposta de reforma que afectaba ó dereito prendatario, propoñendo unha nova figura: “la prenda a domicilio” [I, 190].

³⁵ Adicoulle o capítulo 8: “Prenda á domicilio” [I, 175-204].

No listado dos privilexios dos acreedores figuraba en primeiro lugar o Estado ca satisfacción de tódolos impostos pendentes; o señor directo estaba no cuarto posto. A lista de Montero Ríos estaba confeccionada seguindo as directrices e comentarios que Rábago recompilara da lexislación europea daquel intre [I, 205; 233], nun intento de establecer un conxunto de privilexios que permitisen o desenvolvemento do creto agrícola, e na medida do posible respetasen os dereitos de ámbolas dúas partes.

A efectos comparativos, o francés Durand, aínda que non compartía a xerarquía no cobro proposta polos españois, consideraba un punto favorable limita-los dereitos do dono do directo. Por outra banda, N. Noguer calificaba de escasa a indemnización do propietario asiñada por Montero Ríos, e sinalou que quizais fose máis convinte o cobro das últimas catro cuotas, como acontecía en Bélxica e Italia (Noguer, 1912, p. 116). Empero cómpre matizar que se ben a proposta de Montero Ríos – Díaz de Rábago era tildada de restrictiva, nos anos 1880 a lexislación portuguesa determinaba que o acreedor do directo só tería dereito a unha renda atrasada máis a corrente [I, 217].

Prenda agrícola, xerarquizacións no cobro de acreedores, e acotacións da definición do ben hipotecado eran os tres elementos que singularizaba N. Noguer do proxecto de creto agrícola do Ministro de Fomento Montero Ríos. As nosas intervencións estiveron encamiñadas a amosar unha por unha a evidente influencia de Rábago, testemuñado ca propia obra. Os tecnicismo sinalados foron asimilados pola nova *Ley Hipotecaria* de 1909, e tamén se eliminaron da hipoteca os inmobles por accesión ou destiño, salvo pacto expreso (Noguer, 1912, p. 113). Elo é un aspecto que delata a importancia e conveniencia do seu estudo.

5.- Conclusións.

O brazo político de Eugenio Montero Ríos deixouse sentir en toda Galicia durante a Restauración, e particularmente en Santiago, cidade a onde o prócer destiñou unha serie de proveito, que terían a súa contraprestación no apoio recibido ás súas propostas. Un dos colaboradores do político foi Joaquín Díaz de Rábago, quen á súa vez se viu favorecido con destacados cargos públicos. Pero a función de Rábago máis relevante – aínda que paradoxicamente oculta – foi a de asesor nas propostas do político, en concreto neste artigo analizamos dúas proposicións de política agraria³⁶.

³⁶ En S. Martínez (2004) existe un estudio sobre a colaboración Díaz de Rábago – Montero Ríos en materia de cooperativismo.

Examinamos con maior énfase as influencias que o proxecto de Montero Ríos sobre o crédito agrícola recibiu de Rabago por varios motivos. En primeiro lugar, porque, aínda que a proposta non chegou a ser aprobada, é un magnífico compendio das ideas que un político e un economista, ambos liberais, tiñan sobre a modernización da agricultura, baseada nunha concepción capitalista e mercantilizadora. En segundo lugar, a especialización de Díaz de Rábago na materia permitiu que o proxecto incorporase as innovacións técnicas da época, superando o marco español, como demostra a inclusión da figura de prenda agrícola, a creación de rexistros específicos, a limitación dos dereitos dos acreedores posuidores do dominio directo, e as matizacións á definición de ben hipotecario. En conxunto as ideas de Montero Ríos e Díaz de Rábago ían dirixidas a propiciar o desenvolvemento do creto agrícola mobiliario, opción que finalmente foi desbotada en España, onde remataríase impondo o creto agrario ceñido ás garantías inmobiliarias, con tódalas limitacións que había arredor da tenencia plena da terra.

A perpetuación das formas de posesión de terra ancoradas no Antigo Réxime, onde o caso galego era farto representativo, era o estigma máis evidente do lastre que impedía avanzar cara unha concepción da agricultura moderna, tal e como a entendían os nosos protagonistas. Aínda que só fora por este motivo, a defensa da redención foral debía formar parte das ideas de Montero Ríos e Díaz de Rábago, como de feito aconteceu.

O apoio de Díaz de Rábago á proposta de redención foral de Montero Ríos amosa outros rexistros máis próximos á influencia directa a traveso da *Sociedade Económica de Santiago*, ou mesmo co prólogo á segunda edición do libro de E. Vicente sobre foros.

Ámbolas dúas proposicións atoparon cunha infranqueable oposición no Congreso por parte do Partido Conservador, e o feito de que as dúas cuestións continuasen sen solución até ben entrado o século XX testemuñan o reformismo do político e o seu asesor.

As súas propostas supuxeron un intento valente para que o país avanzase. O tenaz reformismo de Montero Ríos propiciou que Sagasta prescindise del na súa primeira remodelación do Goberno, en outubro de 1886. Ca súa caída, a figura de Rábago viuse privada dunha proxección no conxunto de España, da que sen dúbida gozaría se as ideas de Montero progresasen. Certamente a traxectoria do político continuou medrando nos anos posteriores, e aínda que a relación entre eles foi

renovada en sucesivas ocasións, seguiron sendas paralelas. Montero Ríos chegaría a apreixar unha grande influencia na escea política española. Díaz de Rábago, convertiríase nun estudioso do cooperativismo respetado no seo da prestixiosa *Alliance Cooperative International*, pero pouco coñecido en España.

6.- Bibliografía.

I. Fontes primarias.

1.- Fondos Epistolares do *Archivo Casa Grande de Aguiar* (A Pobra do Caramiñal, A Coruña).

Cartas enviadas a Eugenio. Montero Ríos: (23.11.1883); (11.12.1883); (30.11.1884); (12.10.1887)

Cartas enviadas por Eugenio Montero Ríos: (02.11.1883); (05.03.1885); (22.03.1885); (26.04.1885); (12.05.1886); (17.10.1893).

2.- Referencia das Obras Completas de Joaquín Díaz de Rábago

DÍAZ DE RÁBAGO, Joaquín (1889- 1901): *Obras completas de D. ___. Publicadas por la Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago*, Santiago de Compostela: Tip. José M^a Paredes [edición facsímil en 1989 con introducción a cargo de M. Cabo Villaverde], VIII tomos.

I a IV: *El crédito agrícola*. [*El crédito agrícola: Informe de la Sociedad Económica de Amigos del País de la ciudad de Santiago. Redactado por Joaquín Díaz de Rábago*, Santiago: Sociedad Económica de Santiago, 1883.]

VIII, 179-188: *Al Congreso de los Diputados. Exposición sobre los proyectos de ley de redención de censos y crédito agrícola* [“Sobre los proyectos de ley de redención de censos y crédito agrícola. Al Congreso de los Diputados”, *Revista de la Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago*, 63, 1887, 559-561 (fdo. 11 de marzo de 1887).]

VII, 207-272: Sobre foros. Prólogo. [“Prólogo”, E. VICENTI Y REGUERA: *La propiedad foral en Galicia: polémica relativa al proyecto de ley de redención de censos del ex-Ministro de Fomento Montero Ríos*, A Coruña: Andrés Martínez, 1888, VII-LVII.]

VIII, 195-201: *Al Ministro de Fomento sobre la Escuela de Artes y Oficios*
[1885/1886?]

3.- Otras fuentes primarias.

“Informe sobre el plan que debe establecerse en la escuela de Artes y Oficios en la Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago, *Revista de la Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago*, 55 a 58, 1886, 503-507

BONA, Francisco de (1857): “Del crédito territorial y agrícola”, *La Tribuna Economista*, 2, 186-203.

BONA, Francisco de (1857b): “Del crédito territorial y agrícola”, *La Tribuna Economista*, 3, 304-324.

CAMARASA, Marqués de (1886): *Los Foros. Proyecto de Ley llamada de Redención de Censos presentada á las Cortes por el Sr. Ministro de Fomento Montero Ríos*, Madrid, Tipografía de M. Ginés Hernández.

CÓDIGO DE COMERCIO (1885): “Apéndice 36 al nº 3 de 28 de diciembre de 1885. Código de Comercio”, *Diario de Sesiones de las Cortes*.

DURAND, Louis (1891): *Le credit agricole en France et a l'étranger*, París, Librairie Marescq Arné Chevalier – Marescq et cie.

DIRECCIÓN GENERAL DE AGRICULTURA, INDUSTRIA Y COMERCIO (1881): *Información sobre el crédito agrícola abierta por la Dirección General de Agricultura, Industria y Comercio*, Madrid.

LEZÓN Y FERNÁNDEZ, Manuel (1922): *El problema social agrario en Galicia y la redención de foros*, Madrid: Publicaciones de la Real Academia de Jurisprudencia y Legislación - Editorial Reus.

MONTERO RÍOS, Eugenio (1887): *El crédito agrícola. Discursos leídos ante la Real Academia de Ciencias Morales y Políticas en la Recepción Pública del Excmo. Sr. __*, Madrid: Tipografía de Manuel G. Hernández.

MONTERO RÍOS, Eugenio (1886): *Proyectos de ley de expropiación forzosa, redención de censos y foros y crédito agrícola, presentado á las cortes por el Ministro de Fomento_*, Madrid: Imprenta de M. Minuesa de los Ríos.

NOGUER, Narciso (1912): *Las cajas rurales en España y en el extranjero. Teoría, historia, guía práctica, legislación, estatutos, formularios*, Madrid: Administración de Razón y Fe.

- PANDO Y VALLE, Jesús (1887): *Un programa de reformas. Apuntes sobre la crisis y medios de combatirla*, Madrid: Imprenta de Moreno y Rojas.
- SANROMÁ Y CREUS, Joaquín (1894): *Mis Memorias, 1852-68*, II, Madrid: Tip. M.G. Hernández.
- VICENTI Y REGUERA, Eduardo (1888): *La propiedad foral en Galicia: polémica relativa al proyecto de ley de redención de censos del ex-Ministro de Fomento Montero Ríos*, A Coruña: Andrés Martínez.

II.- Fontes Secundarias.

- CANO PAVÓN, José Manuel (2003): “La Enseñanza Técnica en España y en Europa Occidental y el problema de la formación del capital humano industrial. Veinticinco años de estudios”, *LLULL. Revista de la Sociedad Española de Historia de las Ciencias y de las Técnicas*, 26 (56), 367-398.
- CARASA, Pedro (1991): “El crédito agrario en España durante la Restauración. Entre la usura y el control social”, Bartolomé. YUN (coord.): *Estudios sobre capitalismo agrario, crédito e industria en Castilla (s. XIX y XX)*, Salamanca: Junta de Castilla y León – Consejería de Cultura y Bienestar Social, 289-343.
- CARASA, Pedro (2001): “Proyectos y fracasos del crédito agrícola institucional en la España contemporánea”, *AREAS. Revista de Ciencias Sociales*, 21, 95-121.
- CARMONA, Juan; SIMPSON, James (2003): *El laberinto de la agricultura española: institutos, contratos y organización entre 1850 y 1936*, Zaragoza: Prensas Universitarias de Zaragoza.
- GÁMEZ AMIÁN, Aurora (1998): *El crédito institucional a la agricultura en Andalucía (1768-1936)*, Málaga: Servicio de Publicaciones de la Universidad de Málaga – Thema.
- GARRABOU, Ramón (1985): “La crisis agraria española de finales del siglo XIX: una etapa del desarrollo del capitalismo”, Ramón GARRABOU; Jesús SANZ FERNÁNDEZ (eds.): *Historia agraria de la España contemporánea. Expansión y crisis (1850-1900)*, II, Barcelona: Crítica, 478-542.
- MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, Susana (2000): “Alfabetización, formación técnica e crecimiento económico. Reflexión sobre la variable capital humano en la obra de Joaquín Díaz de Rábago (1837-1898)”, *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación*, 6, 113-133.

- MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, Susana (2002b): “Estudiar para trabajar: la participación de las mujeres en los proyectos económicos de Sanromá y Díaz de Rábago”, *Arenal. Revista de Historia de las mujeres*, 9 (2), 353-374.
- MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, Susana (2004): “A aportación dos xuristas galegos ó movemento cooperativo en España e en Europa (s.XIX): Joaquín Díaz de Rábago e Eugenio Montero Ríos”, *Dereito. Revista xurídica da Universidade de Santiago de Compostela*, vol.13 nº2, pp. 27 – 41.
- MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, Susana (2004b): “Desarrollo económico y capital humano. Discusiones y aportaciones sobre la formación técnica de los trabajadores entre economistas y políticos en el último tercio del siglo XIX”. *Actas del VIII Congreso de la Sociedad Española de Historia de las Ciencias y de las Técnicas, vol. II*, Servicio de Publicaciones de la Universidad de Logroño, pp. 983- 995.
- MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, Susana; FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Andrés (2001): “La instrucción en la industrialización. Las raíces del atraso”, Antonio MORALES (coord.) *El Estado y los ciudadanos*, Madrid: España Nuevo Milenio, 235-247.
- MARTÍNEZ SOTO, Angel Pascual (1995): *Crédito y ahorro popular. El crédito agrícola institucional en la región de Murcia (1850-1936)*, Tesis Doctoral publicada en Microficha, Universidad de Murcia – Servicio de Publicaciones.
- POSE ANTELO, José Manuel (1987): “La banca compostelana en la segunda mitad del siglo XIX”, *Jubilatio. Homenaje de la Facultad de Geografía e Historia a los Profesores D. Manuel Lucas Álvarez y D. Ángel Rodríguez González*, Santiago: Servicio Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, I, 409-427.
- POSE ANTELO, José Manuel (1992): *La economía y sociedad compostelanas a finales del siglo XIX*, Santiago: Servicio de publicacións da Universidade de Santiago de Compostela.
- PSALIDOPOULOS, Michael; MATA, María Eugenia (2002): “Economic thought and policy in nineteenth-century less developed Europe: issues and aspects of their interaction”, *Economic Thought and Policy in Nineteenth-Century Less Developed Europe. The Nineteenth Century*, Londres: Routledge.
- RODRÍGUEZ GALDO, María Xosé (1976): *Señores y campesinos en Galicia. Siglos XIV – XVI*, Santiago: Pico Sacro.

- SOUSA, José; PEREIRA, Francisco (1998): *Historia de la Escuelas de Artes y Oficios de Santiago de Compostela*, A Coruña: Diputación Provincial de A Coruña.
- VILLARES, Ramón (1982): *La propiedad de la tierra en Galicia, 1500-1936*, Madrid: Siglo XXI.